

## Descrición

En Moodle unha tarefa é calquera tipo de traballo, labor ou actividade que asignamos aos nosos alumnos é que non está cuberta por outro módulo de Moodle. Típicamente os alumnos desenvolveran o produto do seu traballo como un arquivo de ordenador: un documento de texto con un traballo escrito, unha presentación con diapositivas, unha imaxe gráfica, un vídeo, un programa de ordenador: calquera cousa susceptible de ser encapsulada como un arquivo informático. Segundo sexa a súa asignatura, poñase de acordo cos seus alumnos nos formatos de arquivos a utilizar.

Tamén é posible utilizar Moodle para tarefas que non teñen un produto informatizable por exemplo unha actuación artística, unha maqueta etc. Neste caso a tarefa será un lugar na páxina do curso onde se especifiquen as instrucións para realizar o traballo asignado e onde, unha vez avaliada a tarefa consignaremos as cualificacións da mesma de forma que señan accesibles dende a plataforma do curso.